



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte achega esta fin de semana propostas de artes escénicas para públicos de todas as idades en Arzúa e Mondoñedo

Portamundos, da navarra Cia. Levelibular (Navarra), e Luna, da compañía asturiana Luz de Gas Teatro, son os espectáculos dos que o público poderá gozar , de xeito gratuíto, na xornada do domingo 24

19 de setembro de 2023.- Camiño Escena Norte, o proxecto de intercambio cultural a través das artes escénicas no que participan compañías teatro, danza e novo circo de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega esta fin de semana a dúas novas localidades galegas. Concretamente, na xornada do domingo 24, CEN ofertará, no marco da súa programación, a posibilidade de gozar de dous espectáculos dixiridos a públicos de todas as idades, especialmente o familiar.

Por unha banda, ás 13:00 horas, a compañía de **Navarra Cia. Levelibular presentará en Mondoñedo Portamundos**, unha proposta de novo circo que fará sorrir e soñar a todos os membros da familia coas súas acrobacias e humor. En horario de tarde, ás 18:00 horas, a asturiana **Luz de Gas Teatro presentará en Arzúa o seu espectáculo Luna**, no que pon o foco, desde o escenario, sobre as diversidades a través do baile, dos monicreques e do teatro. A cita será na Capela da Madalena e o acceso será libre ata completar a capacidade do recinto.

Camiño Escena Norte (CEN), que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), mantén esta semana a súa actividade na provincia de Lugo, logo da celebración, entre o martes 19 e xoves 21, da cuarta edición do encontro profesional **Habitación Peregrina PRO**. Nesta iniciativa, unha das actividades máis salientables da programación expandida do CEN, xuntáronse case 40 compañías de artes escénicas -das cinco comunidades participantes no proxecto- no centro cultural O Vello Cárcere. O encontro serviu tamén para outorgar, publicamente, o primeiro o recoñecemento 'Julio Peña' aos valores de cooperación de Camiño Escena Norte, que este ano recaeu no dramaturgo e xestor cultural Carlos Troyano.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

AXENDA CAMIÑO ESCENA NORTE | 24.09.2023

13:00 horas | Praza da Catedral, Mondoñedo [en caso de choiva: Auditorio Municipal Pascual Veiga. Praza Jaime Cabot, s/n]

Portamundos, de Cia. Levelibular (Navarra)

Público infantil e familiar | Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade

Da nada, ao todo. Un escenario case baleiro é o cómplice dun artista que o dá todo para que o público goce de rir e tamén poida ver rir os que están ao seu redor. Sigimundo é clown, é acróbata e é poesía. Xunto co público, arma o elemento para tocar o ceo coas mans, aínda que non ten as instrucións de como se arma. A confianza existe! Iso permite cruzar todas as pontes...

18:00 horas | Capela da Madalena, Arzúa

Luna, de Luz de Gas Teatro (Asturias) Luna

Público infantil e familiar | Entrada libre ata completar capacidade

Luna quérenos contar todo. Quere que saibamos como acadou os seus soños, como chegou a ser a muller que é hoxe en día. Luna naceu cun déficit severo de audición, o que lle puxo as cousas un chisquiño máis difíciles que ao resto, ou talvez non? Luna quere bailar, pero... pode bailar unha nena xorda? *Luna* é un espectáculo repleto de luz, de movemento, de palabras, de signos, de obxectos, de "capacidades diferentes", de "intelixencias múltiples". Porque non sempre ser diferente é unha desvantaxe.

Para máis información

PRENSA CEN Galicia | Lucía Pita. 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa CEN Galicia 2023

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZlpYXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

